

ORCID

ENGADIR PUBLICACIÓNS DE FORMA MANUAL

Se non pode importar os datos das súas publicacións directamente desde unha base de datos (coma Web of Science ou Scopus) ou desde un arquivo en formato BibTeX (Dialnet, Google Académico, xestor de referencias, etc.), poderá engadir a información das súas publicacións de forma manual.

Inicie sesión en ORCID e vaia ao apartado "Obras"; seleccione "+Agregar obras" e prema na opción "Enlazar manualmente".



Se non dispón de todos os datos da publicación que vai engadir, pode consultar outras fontes (catálogos de bibliotecas, Dialnet, etc.) para poder **incluir a referencia o máis completa posible**.

A continuación veremos en detalle os pasos para encher os campos:

“Categoría de la obra”: poderá seleccionar entre 4 categorías: publicación, conferencia, propiedad intelectual e outros.

Tipo de obra*

- Artículo de revista
- Capítulo de libro
- Revisión de libro
- Libro
- Término de diccionario
- Dissertation/thesis
- Libro editado
- Entrada en enciclopedia
- Artículo de revista**
- Edición de la revista
- Artículo de magacín
- Manual
- Artículo de boletín informativo
- Artículo de periódico
- Recurso en línea
- Preprint
- Informe
- Herramienta de investigación
- Publicación estudiantil supervisada
- Prueba
- Traducción

“**Tipo de obra**”: en función da categoría de obra seleccionada, amosaranse distintos tipo de obras. Por exemplo, se seleccionamos a categoría “publicacións” poderemos escoller como tipo de obra: capítulo de libro, libro, artigo de revista, etc.

Na páxina de ORCID atopará os distintos tipos de obras dispoñibles e as indicacións para saber cando usar cada tipo concreto:

<https://members.orcid.org/api/resources/work-types>

Título*

Agregar título

+ agregar título traducido

Sub-título

Agregar subtítulo

Título de revista

Agregar título de revista

Fecha de publicación

Año ▼ Mes ▼ Día ▼

“**Título**”: inclúa o título propiamente dito da obra (título do artigo, do libro, capítulo, relatorio, etc.). Se o desexa pode engadir o título noutro idioma. + agregar título traducido

“**Subtítulo**”: se a publicación ten un subtítulo, engádao neste campo.

“**Título de revista**”: neste campo debe incluír o título do **documento fonte**, é dicir, o título da revista se é un artigo, o título do libro ao que pertence o capítulo, o título do congreso se se trata dun relatorio etc. O nome deste

campo cambiará en función da categoría escollida. Se como categoría seleccionamos “Publicación”, chamarase “Título de revista”; se seleccionamos conferencia, “Título de conferencia”; se seleccionamos “Propiedad intelectual” chamarase “Editorial”.

“**Fecha de publicación**”: engada a data de publicación da obra.

CITACIÓN

Tipo de cita

- APA
- APA**
- BIBTEX
- CHICAGO
- HARVARD
- IEEE
- MLA
- RIS
- SIN ESPECIFICAR
- VANCOUVER

“**Citación**”: se o desexa pode incluír a referencia bibliográfica completa nun dos formato normalizados do despregable. Non é un campo imprescindible.

“**Descripción**”: pode incluír unha breve descrición ou resumo da obra.

IDENTIFICADORES DE OBRAS

Tipo de identificación

¿Qué tipo de ID externo?

Identificación

Agregar ID

URL de identificador

Agregar URL

Identificadores de obras: existen moitos servizos bibliográficos que outorgan identificadores: os máis coñecidos son o DOI, o ISBN e o ISSN.

“Tipo de identificación”: escriba as primeiras letras do identificador que desexe e prema no que corresponda no despregable.

“Identificación”: agregue o DOI, ISBN, ISSN, etc. da súa publicación.

“URL de identificador”: sempre que o sistema poida localizar a información, o campo “URL de identificador” encherase automaticamente en función dos datos introducidos nos campos anteriores. Por exemplo, se introduce un ISBN o sistema engadirá a URL do rexistro no catálogo WorlCat e se introduce un DOI a URL de identificador levará automaticamente ao sitio web do editor.

Relación

Propio Parte de Version of

[+ Agregar outro identificados](#)

“Relación”: se os identificadores incluídos no apartado anterior corresponden a unha obra completa, deberá marcar a opción “Propio” (un artigo de revista con DOI, un libro con ISBN etc.). Se forman parte dunha unidade superior

debe marcar “Parte de” (o capítulo dun libro, etc).

URL

Agregar URL

Idioma usado en este formulario

País de publicación

“URL”: engada a ligazón ao documento.

“Idioma usado en este formulario”: engada o idioma que empregou para encher o formulario (opcional).

“País de publicación”: país de publicación da obra.

Set visibility:

Agregar a la lista Cancelar

Por último, sinala se quere que os demais usuarios vexan as obras que engade ao seu perfil e prema en **“Agregar a la lista”**.

A obra pasará a formar parte da listaxe de obras no seu perfil ORCID.